

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL SANITARIO PARA FACER FRONTE A PANDEMIA DA COVID-19.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron o día 08/01/2021 coa Consellería de Política Social o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia ata o día 30/06/2021. O dito prazo prorrogárase automaticamente por períodos de seis meses, agás que se exprese por algunha das partes a vontade da súa resolución cunha antelación mínima dun mes á data de remate deste e, en todo caso, ata a declaración de fin da pandemia pola OMS.

O dito instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Política Social para a subministración de material sanitario para facer fronte á pandemia da COVID-19.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

- A evolución da pandemia en Galicia determinou que o Consello da Xunta, na súa reunión do 13 de marzo de 2020, declarara a a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activara o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego).
- Paralelamente, polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que se prolongou ata o 21 de xuño.
- Nestes meses, a pandemia evolucionou con enorme rapidez, tanto a nivel nacional como internacional, de tal xeito que deu lugar a unha crise sanitaria de extraordinaria amplitude e gravidade, tanto polo gran risco de contaxios como polo elevado número de persoas afectadas, coa conseguinte presión sobre os servizos tanto sociais como sanitarios.
- Esta crise sanitaria determinou que o Servizo Galego de Saúde tivera que proverse dunha inxente cantidade de material sanitario para que os seus centros sanitarios puideran prestar unha adecuada atención.

Inicialmente e ante a precariedade do mercado, centralizouse a compra de material, non so para atención sanitaria nos hospitais e centros de saúde, senón tamén para a subministración de Residencias de Terceira Idade, Centros de día, Escolas Infantís, e demais centros dependentes da Consellería de Política Social.

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido, o que exclúe o ánimo de lucro, na medida en que aqueles non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

